



**ANOSATERRA**

25 DE XUÑO - 1 DE XULLO DE 2009

**CULTURA.35.**

**Fernández Paz, homenaxeado en Vilalba na XV edición do *Escritor na súa terra*.** A Asociación de Escritores en Lingua Galega rendeulle esta popular homenaxe ao autor de *Cartas de inverno* o pasado 20 de xuño en Vilalba, onde se plantou un bidueiro, se descubriu un monolito e se lle fixo entrega da Letra E, unha peza escultórica realizada por Silverio Rivas. Ese mesmo día, **Marcos Valcárcel** recolleu en Ourense o Premio *Otero Pedrayo*, concedido pola Xunta de Galicia e as catro deputacións provinciais, mentres que en Moaña se organizou unha homenaxe a **Bernardino Graña** e a **Manuel María** co gallo da inauguración de dous espazos públicos que levan os seus nomes.●

SANTÓS-DÍEZ